

## **XII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos**

Madrid, 10-15 de Setembro de 2018

### **Novos horizontes para unha Galicia global: Redes, territorio e memoria**

#### **Primeira circular**

Chamada a comunicacións

O ano 2018 foi declarado Ano Europeo do Patrimonio Cultural, como mostra de consideración, por parte da Unión Europea, cara ao legado “material, inmaterial e dixital” das diferentes culturas que a conforman. Este recoñecemento, que pretende sensibilizar verba da historia e valores comúns e reforzar o sentimento de pertenza a un espazo común europeo, non vén exento de polémica. No panorama nacional e internacional, os crecentes movementos nacionais e independentistas, o aumento do apoio popular ás forzas con posicionamentos máis extremos, o rexurdir da violencia de xénero, a xenofobia ou a islamofobia baten frontalmente coas necesidades e dereitos dunha cidadanía que, lonxe de manterse á marxe dos conflitos, busca novas fórmulas de convivencia, análise, coñecemento, participación e organización social.

Os estudos galegos non son alleos ao desexo de contribuír á comprensión da realidade e a abrir novas perspectivas de análise e intervención neste contexto. Non en van, nos derradeiros anos, os estudos sobre migración, transculturalidade e patrimonio experimentaron un auxe considerábel, así como os medios especializados de coñecemento e a súa capacidade de difusión. A Asociación Internacional de Estudos Galegos, coa súa proposta de congreso “Novos horizontes para unha Galicia global: Redes, Territorio e Memoria”, espera converterse, unha vez máis, nun punto de encontro e foro de discusión para a investigación sobre a lingua, a cultura e a historia de Galicia. Baixo as tres amplas nocións sobre as que se artella, para alén de apostar pola investigación básica e os traballos de disciplinas consolidadas, agardamos que o vindeiro congreso atraia desde as novas xeracións de investigadoras/es cos seus primeiros contributos até as/os especialistas máis consolidadas/os, acollendo traballos interdisciplinares ou propostas innovadoras de todas as partes do mundo.

### **1. ÁMBITOS DE ESTUDO**

O XII Congreso Internacional da AIEG propón nesta ocasión tres áreas temáticas principais (Redes, Territorio e Memoria), definidas por un conxunto de liñas de traballo máis específicas. Estas suxestións, feitas co ánimo de abrir novas posibilidades de coñecemento e convidar ao diálogo entre disciplinas, en ningún caso serán aplicadas de maneira excluínte, tendo cabida neste encontro calquera proposta pertencente aos ámbitos xerais de estudo: lingüístico, literario, histórico, económico, antropolóxico, filosófico, sociolóxico, artístico etc.

### **Redes:**

1. **Redes de creación e difusión do coñecemento:** impacto social, horizontes de colaboración.
2. **Redes cívicas e académicas:** ferramentas colaborativas, xestión organizativa, canles de información, mobilidade.
3. **Novas tecnoloxías e humanidades dixitais:** plataformas e repositorios dixitais, edición dixital, impacto na literatura, nas artes visuais e na música.
4. **Educación:** currículo, valores, interculturalidade, innovación educativa, ensino de linguas, educación literaria.
5. **Medios de comunicación e información:** discurso mediático, fontes informativas emerxentes, medios de comunicación en galego, transmedialidade.
6. **Tradución e interpretación:** estudos culturais, mediación cultural, autotradución e identidade.

### **Territorio:**

1. **Cartografías lingüísticas:** contacto de linguas, variación, estandarización, novos retos para a aprendizaxe de linguas.
2. **Identidade:** interrelacións da literatura e das artes, movementos migratorios, redes de axuda e cidadanía.
3. **Documentación e patrimonio:** patrimonio material e inmaterial, arquivos, conservación e preservación, estudos arqueolóxicos.
4. **Asociacionismo e sociedade civil:** cooperativismo, tecido asociacionista, medio ambiente, movementos feministas e LGBTQ+, novos modelos de intervención e participación cidadá.
5. **Novas tendencias literarias:** literatura infantil e xuvenil, literatura dixital, crítica literaria, historia da literatura.
6. **Espazos híbridos e non-lugares:** hostilidade, novo ruralismo, rexeneración urbana.

### **Memoria:**

1. **Conflito e trauma:** representacións artísticas e literarias, exilio e insilio, movementos migratorios forzosos, análise do discurso.
2. **Historia das mulleres:** espazos, testemuños e (in)visibilidade.
3. **Comunidades no exterior:** procesos e imaxinarios de desterritorialización e reterritorialización, resiliencia, linguas herdadas, transmisión cultural.
4. **Memoria histórica:** materialidade, espazos de memoria, narrativas da guerra civil, perspectivas históricas actuais, reparación.
5. **Estudos poscoloniais e posnacionais:** perspectiva histórica, identidade e comunidade, producións culturais, interrelacións cos estudos de xénero.

## 2. PROPOSTAS DE RELATORIO

A AIEG solicita propostas de relatorio para o XII Congreso Internacional, que terá lugar en Madrid, do 10 ao 15 de setembro de 2018. As propostas deberán enmarcarse con preferencia nalgún dos ámbitos de estudo descritos anteriormente (Redes, Territorio, Memoria). Porén, como é habitual na dinámica dos congresos da AIEG, tamén serán consideradas todas as solicitudes que acheguen novas propostas temáticas relacionadas cos estudos galegos.

As propostas para relatorios, cuxa duración non poderá superar os **20 minutos**, deberán enviarse como moi tarde o **20 de marzo de 2018** a través do **formulario** inscrición accesíbel no [site](#) do congreso. Nel deberán consignar, entre outros, os seguintes datos:

- Ámbito de estudo ao que se vincula a proposta (Redes, Territorio, Memoria) e, dentro del, liña ou liñas de traballo relacionadas. Se non se encontra(n) na listaxe anterior, débense indicar expresamente no formulario.
- Palabras chave que definan a temática concreta da proposta.
- Resumo da proposta.
- Referencias bibliográficas principais.

## 3. PROPOSTAS DE PANEL

Por outra parte, tamén se solicitan propostas de panel para o XII Congreso Internacional da AIEG. Da mesma maneira que nos relatorios, os paneis tamén deberán enmarcarse con preferencia nalgún dos ámbitos de estudo descritos anteriormente (Redes, Territorio, Memoria), aínda que tamén serán consideradas todas as solicitudes que acheguen novas propostas temáticas relacionadas cos estudos galegos.

Cada coordinador debe enviar a súa proposta, integrada por un máximo de 4 participantes. Cada sesión de panel terá unha duración máxima de **1 hora**: cada intervención non deberá pasar dos 15 minutos, de tal modo que se reserve 10-15 minutos para o debate final. O coordinador/a do panel deberá enviar como moi tarde o **20 de marzo de 2018** o **formulario** de inscrición accesíbel no [site](#) do congreso. Nel deberán consignar, entre outros, os seguintes datos:

- Ámbito de estudo ao que se vincula a proposta (Redes, Territorio, Memoria) e, dentro del, liña ou liñas de traballo relacionadas. Se non se encontra(n) na listaxe anterior, débense indicar expresamente no formulario.
- Palabras chave que definan a temática concreta da proposta.
- Resumo global da proposta de panel, acompañado dunha pequena sinopse de cada unha das intervencións.
- Referencias bibliográficas principais.

## 4. XORNADA DE NOVAS/OS INVESTIGADORAS/ES

Para alén dos relatorios e paneis, nesta edición, como novidade, estamos traballando na realización dunha xornada dirixida especificamente á mocidade investigadora. Daremos máis detalles ao respecto na segunda circular do congreso.

## 5. LINGUAS DO CONGRESO

A lingua oficial do congreso será o galego, aínda que tamén se admitirán comunicacións noutras linguas de uso habitual na comunidade científica, entre elas o español, o portugués e o inglés.

## 6. SELECCIÓN DAS PROPOSTAS

O Comité organizador do congreso, co asesoramento do correspondente Comité científico, composto por especialistas de todas as áreas de coñecemento implicadas, será o responsábel de revisar e seleccionar as propostas recibidas, así como de notificar a súa aceptación.

## 7. PROGRAMA DE AXUDAS

Desde a organización estamos tamén a traballar nun programa de axudas destinadas a subvencionar os gastos de aloxamento e, na medida do posíbel, de desprazamento. Na seguinte circular ofreceranse máis detalles ao respecto.

## 8. PUBLICACIÓN DOS TRABALLOS

Prevese a publicación dun volume especial da revista *Madrygal* da UCM en 2019, cunha selección dos contributos presentados no XII Congreso da AIEG. Todos os artigos deberán pasar pola arbitrase externa da revista (pares cegos). O prazo para a recepción de orixinais será o **15 de abril de 2019**. Os traballos que non se acollan a este prazo ou non superen a revisión externa, poderán optar á súa publicación en calquera dos números regulares da revista.

## 9. CALENDARIO

O XII Congreso Internacional da AIEG terá lugar na Universidad Complutense de Madrid do 10 ao 15 de setembro de 2018. Os prazos para o envío das propostas de relatorio e/ou panel, así como a notificación da súa aceptación son os seguintes:

- **Propostas de relatorio: 20 de marzo** de 2018
- **Propostas de panel: 20 de marzo** de 2018
- **Notificación de aceptación:** 1 de abril de 2018

Recibida a notificación de aceptación, as/os participantes procederán á súa matrícula:

- **Primeiro prazo de pagamento** (con desconto): até o 15 de maio de 2018
- **Segundo prazo de pagamento:** até o 15 de xullo de 2018

Entregaranse diplomas acreditativos de participación e asistencia ao congreso.

Publicación dos traballos no número especial 22 de *Madrygal*:

- **Envío de orixinais:** até o 15 de abril de 2019
- **Publicación do volume:** outubro de 2019

## 10. TAXAS DE MATRÍCULA

- **Asistentes sen comunicación:** gratis (inscripción obrigatoria)
- **Asistentes con comunicación (relatorio ou panel):**
  - **Pagamento con desconto:**
    - Socias/os (ao corrente no pagamento das cotas de 2017 e 2018): 60€
    - Non socias/os: 120€
  - **Pagamento sen desconto:**
    - Socias/os (ao corrente no pagamento das cotas de 2017 e 2018): 80€
    - Non socias/os: 160€

Contémpanse os seguintes descontos sobre todas as matrículas, previa acreditación:

- **Persoas desempregadas:** 50%
- **Estudantes** (grao ou posgrao): 50%

## 11. COMITÉ ORGANIZADOR

**Presidencia:** Carmen Mejía Ruiz, Universidad Complutense de Madrid

**Secretaría:** Lidia López Teixeira, Universidad Complutense de Madrid  
Ricardo Pichel Gotérrez, Universidad de Alcalá

**Vogalía:** Ana Acuña Trabazo, Universidade de Vigo  
Maria Boguszewicz, Uniwersytet Warszawski  
Paula Cousillas Pena, Universidad Complutense de Madrid  
Diego Muñoz Carrobles, UNED  
Javier Rivero Grandoso, Universidad de La Laguna  
John Patrick Thompson, University of Montana  
Elena Zernova, Universidade de San Petersburgo

Enderezo de contacto: [congresoaiieg2018@gmail.com](mailto:congresoaiieg2018@gmail.com)

Páxina web do congreso: <http://aiieg18.wixsite.com/congreso>